

CARTAFOL DE NOSTALXIAS

I

Outono gris, cinsento e despiadado
que choves mágoas e ocultas sorrisos,
mudas en ventos brisas de suspiros
e tingues lento o meu cabelo cano.

Deixa que agromen dentro do meu peito
os sentimentos que levo agochados.
Deixa que lembre anceios xa soñados
cando era de rosas o meu leito.

Deixa que o estío coroe os meus anos
con fitas verdes tecidas entre os dedos
do tempo tenro a ritmo dun adagio.

Deixa, en fin, que escuros os meus medos
fuxan da mente e fiquen espallados
polo vento do norte entre os nubeiros,

para espertar enteiramente viva
entre os brazos do amor adormecida.

II

Cun gris acento escoito as túas pegadas
que na pedra do peito se mesturan
cos ecos que das follas derrafadas
no cinsento fogar áinda perduran.

Das brasas apagadas da tenrura
rexurden tenues lapas esquecidas,
onte vivaces risos de loucura,
hoxe lentos compases de fuxida

nunha fuga constante e desmedida
perseguindo arelas no baleiro;
vella canción curadora de feridas,

novo alento — como aquel primeiro —
entre espesas brétemas detidas
mudado en fío de fume lixeiro

que de cinsa avellenta os meus cabelos
e renova a miña saiba co seu selo.

III

Se coma ti de min sempre fuxira
desatando fitas de amor que, xa caladas
de suspiros tenros e frías de xeada,
agochan o sentir que onte nos xunguira;

se os cabos das mans ceibes deixara
á deriva vagar, sen máis amparo
que os ollos en vixilia depararan
ata un horizonte gris nada lonxano;

se as canles do sentir non mantivera
regadas co orballo destas bágoas,
xa nunca xurdiría a primavera,

xamais agromaríañ as olladas
que doces o corazón averdeceran
e voltaríañ escuras e afastadas.

IV

Dicir pretendo razón e non atino
cos termos que axeitados me semellan.
Razón que, alonxada de min e do meu sino,
fuxe ó norte co vento por parella.

Razón que en van intenta nalgún intre
atar as miñas ás e mergullarme
na rocha que a pesar de si resiste.
Razón sempre teimuda e ignorante,

sempre pronta a presidir a mente
alancando por enriba das barreiras
que o sentir constantemente ergue.

Razóns de máis para que a razón deixe
de acudir a unha boca que a rexeita
dende o futuro vivindo no presente.

V

Se na noite espertara, o seu silencio
podería contarme o que soñaba.

Mais, calada, nos brazos de Morfeo
deixoume noutro mundo mergullada.

¡Que escuro sentir me posuía?
¡Que remorsos, quimeras ou que mágoas
á miña queda mente acudirían
para acordar cos ollos cheos de bágoas?

Só lembro que das miñas mans fuxían
as túas e que apaixonadamente
a outras mans más brancas se entregaban.

E que lapas fervorosas consumían
doutros beizos os teus que tenramente
un adeus en silencio me adicaban.

VI

*iQue estraño maná te alimenta
para sen tregua latir constantemente?
iQué nubeiro axuda ás túas medras
regando o teu porvir neste presente?*

*iQué luz e de que astro luminoso
absorbes os seus raios dende sempre?
iQué xerme te mantén que animoso
sostés ese pulso sen deterte?*

Ignoro, corazón, os teus motivos;
descoñezo a existencia dos teus gozos
e as arelas que te manteñen vivo.

Só sei das túas mágoas e distingo
no meu peito a força dos teus folgos.
Dime: *iQue soño te engaiolou cativo?*

VII

¡Afaite! Transmiten unha a unha,
castreñes, as neuronas no cerebro;
impasibles, con xesto cibernético,
ordenan á mente que creñ nula.

¡Confórmate! A cotío comunican
tentando paralizar o meu sentir,
ignorantes de que vou a resistir
e que esa orde apenas me castiga.

Por moito que as escoite non me afago
a vivir sen a tenrura que preciso.

Non, alomenos mentres teña azos

loitarei en silencio e sen testigos
por acadar inconforme que os brazos
de quen eu amo me sirvan de abrigo.

VIII

¡Por que as palabras agochas no silencio
deixando orfos os meus oídos quedos?
¡Por que só escoito apagados os ecos
do teu pasar ó meu carón lixeiros?

Acaso porque nada son, nada vivo
agardando de todo o que preciso.
Quizais porque mesmo ó baleiro convido
e foxes do baleiro e do abismo,

Lembro a túa voz, outrora melodía,
engalanando o brillo que agromaba
da túa tenra ollada e que harmonía

no meu ser arelante se tornaba.
Déixame, en aras de aquelo que sentía,
oír unha vez más as túas palabras.

IX

Tan lonxe de min e , non obstante,
sinto a túa presencia nesta estancia,
a pesares do tempo e da distancia,
enchendo o meu baleiro a cada instante.

Lembro o teu camiñar, a túa ollada,
as túas mans a percorrerme enteira,
a túa voz que sempre pronunciaba
o meu nome como a vez primeira.

*iQue foi de ti? iOnde te agochaches?
iQue brazos abrigarán os teus fríos?
iSe algunha vez puidera perdoarme*

por deixar de escoitar o teu latido
perto de min! Sei que fun covarde.
Agora... esquecida por ti vivo.

X

No sombrío inverno do meu seo
non atino a atopar a túa pegada;
era de bafo e leve cara o ceo
esmoreceu cos nubeiros mesturada.

Fiquei deserta, sen dono e sen morada,
sen ninguén que atendera os meus anceios,
sen pano que enxugara as miñas bágoas,
sen tenrura que derretera o xeo

que do meu peito feble se adonaba
e invadía de tristura e de receo
ese existir presidido pola nada.

Non obstante, por intres, aínda teimo
en atopar viva a túa lembranza
agardando posuírtre por enteiro.

Sei que é imposible, pero espero...
... o derradeiro que se perde é a esperanza.